

ANEXO II

Parte B do anexo II do Real decreto 569/1990

	Límites máximos en mg/kg		
	Residuos de praguicidas.	Na carne, incluída a materia graxa, preparados de carnes, miúdos e graxas animais que figuran no anexo I dentro dos códigos NC 0201, 0202, 0203, 0204, 0205 00, 0206, 0207, ex 0208, 0209 00, 0210, 1601 00 e 1602.	No leite e nos produtos lácteos que figuran no anexo I dentro dos códigos NC 0401, 0402, 0405 00 e 0406.
2,4-D.	Riles (excepto aves de curral) 1 (p). Outros 0,05* (p).	0,01* (p).	0,01* (p).

(*) Indica o limiar de determinación analítica.

(p) Indica o límite máximo de residuos provisional.

MINISTERIO DE FOMENTO

9581 *ORDE FOM/1144/2003, do 28 de abril, pola que se regulan os equipamentos de seguridade, salvamento, contra incendios, navegación e prevención de verteduras por augas sucias, que deben levar a bordo as embarcacións de recreo. («BOE» 113, do 12-5-2003.)*

O Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, polo que se establecen os recoñecementos e inspeccións das embarcacións de recreo para garantir a seguridade da vida humana no mar e se determinan as condicións que deben reunir as entidades colaboradoras de inspección, establece no seu artigo 3 que as embarcacións de recreo comprendidas dentro do seu ámbito de aplicación deberán realizar os recoñecementos correspondentes para verificar o cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade e de prevención da contaminación.

Esta normativa estaba recollida ata a data, no relativo a embarcacións de recreo, en disposicións de rango inferior, o contido das cales quedou en boa medida desfasado.

Esta orde, conferindo un marco normativo adecuado para a seguridade deste tipo de embarcacións, recolle as innovacións producidas na determinación dos equipamentos de seguridade, salvamento, contra incendios, navegación e prevención de augas sucias que deben levar a bordo as embarcacións de recreo.

Na súa virtude, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto:

a) Establece-lo equipamento de seguridade que deben levar a bordo, con carácter obrigatorio, as embarcacións de recreo comprendidas dentro do seu ámbito de aplicación.

b) Determina-los requisitos que debe reunir o dito equipamento de seguridade.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta orde aplicarase:

a) A tódalas embarcacións de recreo comprendidas no artigo 2 do Real decreto 1434/99, do 10 de setembro, matriculadas ou que se pretendan matricular en España, así como ás embarcacións de matrícula doutros países que, de conformidade coa lexislación vixente, desexen desenvolver unha actividade con fins comerciais en augas marítimas nas que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdicción.

b) Os equipamentos de seguridade, salvamento, contra incendios, navegación e prevención de verteduras, destinados a elas, que se indican nos capítulos II, III, IV e V da presente orde.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta orde:

a) Os artefactos flotantes ou de praia, entendéndose por tales os seguintes:

- Piraguas, «kaiaks» e canoas sen motor.
- Patíns con pedais ou provistos de motor con potencia inferior a 3,5 quilovatios.
- Motos náuticas.
- Táboas a vela.
- Táboas esvaradías con motor, embarcacións de uso individual e outros enxeños similares a motor.
- Instalacións flotantes fondeadas.

b) As embarcacións de regatas que teñan as súas propias regras de seguridade e estean destinadas exclusivamente á competición.

c) As embarcacións experimentais sempre que non se comercialicen no mercado da Unión Europea.

d) As embarcacións somerxibles.

e) Os vehículos de colchón de aire.

f) Os hidroplanadores.

g) O orixinal e cada unha das reproducións de embarcacións antigas deseñadas antes de 1950, construídas con elementos orixinais e denominadas así polo constructor.

3. En todo caso, as embarcacións citadas no punto 2 dunha eslora igual ou superior a 2,5 metros, e que non sexan artefactos flotantes ou de praia dos relacionados na letra a), requirirán da previa autorización da capitanía marítima correspondente para navegar nas zonas establecidas no artigo 3. A capitanía marítima fixará as zonas para as cales autoriza a navegación, en función das características da embarcación, e os equipamentos de seguridade que deben reunir as ditas embarcacións.

Artigo 3. Zonas de navegación para as embarcacións de recreo.

1. Establécense as seguintes zonas de navegación:

A) Zona de navegación oceánica. Correspóndelle a seguinte zona:

Zona «1». Zona de navegación ilimitada.

B) Zona de navegación en mar aberto. Comprende as seguintes zonas de navegación:

Zona «2». Navegación na zona comprendida entre a costa e a liña paralela a ela trazada a 60 millas.

Zona «3». Navegación na zona comprendida entre a costa e a liña paralela a esta trazada a 25 millas.

C) Zona de navegación en augas costeiras. Comprende as seguintes zonas de navegación:

Zona «4». Navegación na zona comprendida entre a costa e a liña paralela a esta trazada a 12 millas.

Zona «5». Navegación na cal a embarcación non se afaste máis de 5 millas dun abrigo ou praia accesible.

Zona «6». Navegación na cal a embarcación non se afaste máis de 2 millas dun abrigo ou praia accesible.

D) Zona de navegación en augas protexidas. Correspóndelle a seguinte zona:

Zona «7». Navegación en augas costeiras protexidas, portos, radas, rías, baías abrigadas e augas protexidas en xeral.

Artigo 4. Categorias de deseño.

1. As embarcacións matriculadas despois da entrada en vigor desta orde, e que foron deseñadas e construídas de acordo cos requisitos do Real decreto 297/1998, do 27 de febreiro, polo que se regulan os requisitos das embarcacións de recreo, embarcacións de recreo semiacabadas e os seus compoñentes, estarán facultadas para navegar polas zonas correspondentes á súa categoría de deseño, en función do equipamento de seguridade a bordo, pero en ningún caso en situacións de ondas e vento superiores ás que definen a categoría de deseño, de acordo co seguinte cadro:

Categoría de deseño (Anexo I 1 do R.d. 297/1998)			Definición	Zonas de navegación correspondentes
Embarcacións deseñadas para a navegación	Forza do vento (escala Beaufort)	Altura significativa das ondas (metros)		
A: oceánica	Máis de 8	Máis de 4	Embarcacións deseñadas para viaxes longas nas que os ventos poidan supera-la forza 8 (escala de Beaufort) e as ondas a altura significativa de 4 metros ou máis, e que son embarcacións autosuficientes en gran medida.	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7
B: en mar aberto	Ata 8 incluído	Ata 4 incluído	Embarcacións deseñadas para viaxes en mar aberto nos que poden encontrarse ventos de ata forza 8 e ondas de altura significativa de ata 4 metros.	2, 3, 4, 5, 6, 7
C: en augas costeiras	Ata 6 incluído	Ata 2 incluído	Embarcacións deseñadas para viaxes en augas costeiras, grandes baías, e grandes esteiros, lagos e ríos, nos que poden encontrarse ventos de ata forza 6 e ondas de altura significativa de ata 2 metros.	4, 5, 6, 7
D: en augas protexidas	Ata 4 incluído	Ata 0,5 incluído	Embarcacións deseñadas para viaxes en pequenos lagos, ríos e canais, nos que poden encontrarse ventos de ata forza 4 e ondas de altura significativa de ata 0,5 metros.	7

2. As embarcacións matriculadas con anterioridade á entrada en vigor desta orde, e deseñadas e construídas de acordo cos requisitos do Real decreto 297/1998, do 27 de febreiro, isto é, embarcacións coa marcaxe CE, poderán navegar dentro da zona correspondente á categoría de navegación que lles foi asignada no seu día, debendo proceder á actualización do seu equipamento de seguridade dentro do prazo sinalado na disposición transitoria única, salvo nos casos en que como consecuencia do resultado das distintas inspeccións regulamentarias se entenda que se debe modifica-la zona de navegación.

3. As embarcacións sen marcaxe CE xa matriculadas poderán navegar dentro da zona correspondente á categoría de navegación que lles foi asignada no seu día atendendo ás súas características de construción,

debendo proceder á actualización do seu equipamento de seguridade dentro do prazo sinalado na disposición transitoria única, salvo nos casos en que como consecuencia do resultado das distintas inspeccións regulamentarias se entenda que se debe modifica-la zona de navegación.

4. As embarcacións sen marcaxe CE que se matriculen a partir da entrada en vigor desta orde, poderán navegar dentro da zona de navegación que se lles asigne en función das súas características constructivas e do equipamento de seguridade a bordo.

5. No momento da renovación do certificado de navegabilidade, a autoridade marítima, tendo en conta a actualización do equipamento de seguridade que realízase a embarcación, asignaralle a correspondente zona de navegación en función da súa categoría de deseño.

Artigo 5. *Equipamento de seguridade.*

1. Tódalas embarcacións de recreo que se matriculen a partir da entrada en vigor desta orde, están obrigadas a levar a bordo os elementos de seguridade, salvamento, contra incendios, navegación e de prevención de verteduras que lles corresponda en función da súa zona de navegación, e que se establecen nos capítulos II, III, IV e V.

2. O equipamento de radiocomunicacións a bordo das embarcacións de recreo deberá cumprir coas disposicións sobre radiocomunicacións marítimas en vigor.

CAPÍTULO II

Elementos de salvamento

Artigo 6. *Balsas salvavidas.*

1. Tódalas embarcacións que naveguen dentro das zonas de navegación 1, 2 e 3, deberán levar unha ou varias balsas salvavidas para o total das persoas permitidas a bordo. As características da(s) balsa(s) (marca, modelo, número de serie, número de persoas) deberán indicarse no certificado de navegabilidade.

2. As balsas serán revisadas anualmente, debendo realizarse a primeira revisión ó ano da entrada en servicio da balsa, e, en todo caso, antes dos dous anos contados desde a data de fabricación. As balsas serán revisadas nunha estación de servicio autorizada pola Administración segundo o parágrafo 1 da Resolución da organización marítima internacional A.761(18) e segundo procedementos e instrucións do fabricante.

A proba hidráulica dos cilindros de inflado realizarase polo menos cada cinco anos, contados desde a data de fabricación. En calquera caso, realizarase a dita proba antes de cada recarga despois do uso ou cando se aprecie, despois de cada revisión anual, unha perda de peso de gas maior do 5% ou de 250 g se este valor é menor.

Cada seis anos desde a fabricación, a balsa será sometida a unha proba de sobrepresión do 25% da presión de servicio indicada polo fabricante, durante 30 minutos, seguida dunha proba de mantemento de seis horas á presión de servicio, ó termo da cal, a caída de presión non debe ser superior ó 30%. En calquera caso, se, durante unha revisión anual, se observa unha especial deterioración da balsa, procederase, unha vez informado o propietario, a realiza-la proba de sobrepresión indicada. Se o propietario non presta a súa conformidade á realización desta proba, non se lle estenderá o correspondente certificado de navegabilidade.

3. As balsas poderán ser dos seguintes tipos:

a) SOLAS, homologada pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

b) SOLAS, homologada por un organismo notificado coa marca de roda de leme, de acordo co disposto no Real decreto 809/1999, do 14 de maio, polo que se regulan os requisitos que deben reuni-los equipamentos mariños destinados a ser embarcados nos buques.

c) NON SOLAS, por non cumpriren algún dos requisitos SOLAS, sempre que sexan homologadas pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, por consideralas equivalentes e aptas para a navegación nas zonas 1, 2 e 3.

d) ISO 9650 ou outra normativa existente, sempre que sexan homologadas pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, por consideralas aptas para a navegación nas zonas 2 e 3.

As balsas asignadas a unha embarcación xa matriculada con anterioridade á entrada en vigor desta orde e que así conste no seu certificado de navegabilidade, poderán permanecer a bordo da dita embarcación, aínda que non cumpran con algún dos requisitos anteriores, sempre e cando estean en bo estado e pasasen as revisións preceptivas. O paquete de emerxencia será o correspondente á súa zona de navegación, segundo se establece no punto seguinte. En calquera caso, as ditas balsas non se poderán instalar a bordo doutra embarcación.

4. As balsas SOLAS ou equivalentes, en navegacións en zona 1, levarán un paquete de emerxencia tipo A de SOLAS. As balsas en navegacións en zonas 2 e 3 levarán un paquete de emerxencia tipo B de SOLAS.

Artigo 7. *Chalecos salvavidas.*

1. As embarcacións que naveguen na zona 1 levarán como mínimo un chaleco salvavidas por persoa autorizada, máis un 10% do total.

2. As embarcacións que naveguen nas zonas 2 a 7 levarán como mínimo un chaleco salvavidas por persoa autorizada.

3. Proveranse chalecos salvavidas para o 100% de nenos a bordo.

4. Os chalecos salvavidas inflables serán revisados anualmente nunha estación de servicio autorizada.

5. Os chalecos salvavidas poderán ser de tipo:

a) SOLAS, homologado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

b) SOLAS, homologado por un organismo notificado coa marca de roda de leme de acordo co Real decreto 809/1999, do 14 de maio.

c) «CE», homologado por un organismo notificado de acordo co Real decreto 1407/1992, do 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipamentos de protección individual.

6. A flotabilidade requirida nos chalecos de marcaxe «CE» indícase no cadro resumo que figura no artigo seguinte.

Artigo 8. *Aros salvavidas.*

1. As embarcacións que naveguen na zona 1 levarán un mínimo de dous aros salvavidas, un dos cales levará luz e rabiza.

2. As embarcacións que naveguen nas zonas 2 a 4 levarán un aro con luz e rabiza.

3. Os aros salvavidas poderán ser de tipo:

a) SOLAS, homologado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

b) SOLAS, homologado por un organismo notificado coa marca de roda de leme de acordo co establecido en Real decreto 809/1999, do 14 de maio.

c) «CE», homologado por un organismo notificado de acordo co Real decreto 1407/1992, do 20 de novembro.

CADRO RESUMO

ELEMENTO	ZONA DE NAVEGACIÓN 1	ZONA DE NAVEGACIÓN 2	ZONA DE NAVEGACIÓN 3	ZONA DE NAVEGACIÓN 4	ZONA DE NAVEGACIÓN 5, 6, 7
BALSAS SALVAVIDAS	100% Persoas SOLAS	100% Persoas SOLAS ou ISO 9650	100% Persoas SOLAS ou ISO 9650	NON	NON
CHALECOS SALVAVIDAS	110% Persoas SOLAS ou CE (275 N) (1)	100% Persoas SOLAS ou CE (150 N) (2)	100% Persoas SOLAS ou CE (150 N) (2)	100% Persoas SOLAS ou CE (150 N) (2)	100% Persoas SOLAS ou CE (100 N) (3)
AROS SALVAVIDAS	2	1	1	1	NON

(1) Chaleco «CE»: flotabilidade mínima requirida segundo norma UNE-EN 399:1995.

(2) Chaleco «CE»: flotabilidade mínima requirida segundo norma UNE-EN 396:1995.

(3) Chaleco «CE»: flotabilidade mínima requirida segundo norma UNE-EN 395:1995.

Artigo 9. *Sinais de socorro.*

1. Toda embarcación de recreo deberá dispor dos sinais pirotécnicos de socorro que se indican na táboa seguinte, segundo a zona de navegación que lle fose asignada.

CLASE DE SINAL	ZONA DE NAVEGACIÓN 1	ZONA DE NAVEGACIÓN 2	ZONA DE NAVEGACIÓN 3, 4	ZONA DE NAVEGACIÓN 5, 6
Foguetes con luz vermella e para-caídas	6	6	6	—
Bengalas de man	6	6	6	3
Sinais fumixenos flotantes	2	2	1	—

2. Tódolos sinais deberán estar homologados, de acordo co establecido no Real decreto 809/1999, do 14 de maio.

CAPÍTULO III

Equipamento de navegación

Artigo 10. *Luces e marcas de navegación.*

1. As luces e marcas de navegación deberán axustarse ó convenio sobre o Regulamento internacional para previ-las abordaxes, 1972, e as súas modificacións posteriores.

2. En caso de navegación diúrna exclusivamente, ata 12 millas da costa ou en embarcacións de menos de 7 metros de eslora, poderase prescindir das luces de navegación, pero deberase levar unha lanterna eléctrica de luz branca con baterías de reposto.

3. As luces de navegación poderanse aceptar se foron homologadas por calquera país da Unión Europea.

As embarcacións das zonas 5, 6 e 7 poden levar luces non homologadas, mesmo a pilas, sempre que estean en bo estado e en navegación diúrna exclusivamente.

Artigo 11. *Liñas de ancoraxe.*

1. Tódalas embarcacións deberán dispoñer dunha liña de ancoraxe dunha lonxitude que non poderá ser inferior a cinco veces a eslora da embarcación.

2. A lonxitude do tramo de cadea será como mínimo igual á eslora da embarcación, excepto nas embarcacións menores de 6 metros de eslora nas que a liña de ancoraxe pode estar constituída enteiramente por estacha.

3. Non son admisibles cadeas ni estachas empalmadas sen grillón.

4. Na táboa seguinte, indícanse os diámetros de cadea e de estacha e o peso da áncora que cada embarcación deberá levar en función da súa eslora:

ESLORA (m)	Peso da áncora (kg)	Diámetro de cadea (mm)	Diámetro de estacha (mm)
L = 3	3,5	6	10
L = 5	6	6	10
L = 7	10	6	10
L = 9	14	8	12
L = 12	20	8	12
L = 15	33	10	14
L = 18	46	10	14
L = 21	58	12	16
L = 24	75	12	16

5. As cadeas deben ser de aceiro galvanizado ou equivalente, co diámetro indicado na táboa e medido de acordo coa norma EN 24565.

6. O diámetro da estacha está referido a estachas de nailon; en todo caso, a súa carga de rotura será maior cá da cadea.

7. O peso das áncoras indicado na táboa corresponde a áncoras de alto poder de agarre (cunha tolerancia do 10%), polo que o peso debe aumentarse nun tercio noutros tipos de áncoras. O peso do áncora poderase dividir en dúas áncoras, sendo o peso da áncora principal non menor do 75% do peso total.

8. Para esloras intermedias ás indicadas na táboa interpolaranse os valores do peso da áncora e diámetros da cadea e estacha.

Artigo 12. *Material náutico.*

1. As embarcacións de recreo deberán dispor do material náutico que se sinala na táboa seguinte, e reunir os requisitos que se indican no punto 2, sempre de acordo coa zona de navegación que lles fose asignada. A relación da táboa non é limitativa, e poderá disporse de elementos que correspondan a zona de navegación superiores á súa propia.

MATERIAL	Zona de Navegación				REQUISITOS
	1	2	3, 4	5, 6, 7	
Compás	1	1	1		a)
Corredeira	1	1			b)
Sextante	1				c)
Cronómetro	1				
Compás de puntas	1	1			
Transportador	1	1			
Regra de 40 cm.	1	1			
Prismáticos	1	1	1		
Cartas e libros náuticos.	1	1	1		d)
Bucina de néboa	1	1	1	1	e)
Barómetro	1	1			
Campá ou similar	1	1	1		f)
Pavillón nacional	1	1	1	1	
Código de bandeiras ..	1	1			g)
Lanterna estanca	2	2	1		h)
Diario de navegación ..	1				
Espello de sinais	1	1	1	1	
Reflector de radar	1	1	1		i)
Código de sinais	1	1	1	1	j)

2. Requisitos:

a) Compás.

i. As embarcacións que naveguen nas zonas 1 e 2, deberán levar un compás de goberno con iluminación e un compás de marcacións. Ademais deberá existir a bordo unha táboa de desvíos que se comprobará cada cinco anos.

ii. As embarcacións que naveguen nas zonas 3 e 4 deberán levar un compás de goberno.

iii. En tódolos casos, evítanse as accións perturbadoras sobre o compás, tales como as derivadas de instalacións radioeléctricas ou circuitos eléctricos.

iv. O compás poderá ser-lo compás magnético ou o compás para botes salvavidas regulado no anexo A.1 do Real decreto 809/1999, do 14 de maio.

b) Corredeira. Será de hélice, eléctrica ou de presión, con totalizador. Alternativamente permitirase un sistema de posicionamento global (GPS).

c) Sextante. Irá acompañado polas táboas necesarias para unha navegación astronómica.

d) Cartas e libros náuticos.

i. Levarán as cartas que cubran os mares polos que navegue segundo as respectivas categorías e os portolanos dos portos que utilicen.

ii. Son obrigatorios o caderno de faros e un derroteiro da zona en que naveguen, o anuario de mareas (excepto no Mediterráneo), o manual de primeiros auxilios, o Regulamento de radiocomunicacións se montan radio e o código internacional de sinais, para a navegación sen a zona 1.

e) Bucina de néboa. Pode ser a presión manual ou substituíble por unha bucina accionada por gas en recipiente a presión. Neste caso, dispórase dunha membrana e un recipiente de gas como repostos.

f) Campá. En embarcacións de eslora igual ou superior a 15 metros, o peso da campá será de 5 quilogramos como mínimo. En esloras inferiores a 15 metros, a campá non é obrigatoria pero deberase dispor de medios para producir algún son de maneira eficaz.

g) Código de bandeiras. Deberán posuír como mínimo as bandeiras C e N. Para a zona 1, as súas dimensións mínimas serán de 60 x 50 centímetros.

h) Lanterna estanca. Disporase dunha lámpada e un xogo de pilas de reposto.

i) Reflector de radar. Colocarase en embarcacións de casco non metálico.

j) Código de sinais. Se monta aparellos de radiocomunicacións.

3. O material a que se refire o punto 2, que veña contemplado no Real decreto 809/1999, do 14 de maio, deberá cumprir cos requisitos alí establecidos.

Artigo 13. *Material de armamento diverso.*

1. Toda embarcación de recreo deberá levar a bordo o seguinte material de armamento:

a) Una cana de leme de emerxencia en embarcacións de vela e nas dun só motor se o goberno é a distancia, excepto se o motor é fóra borda ou de transmisión en z.

b) Un mínimo de dúas estachas de amarre ó peirao (se é o caso), de lonxitude e resistencia adecuados á eslora da embarcación.

c) Un bicheiro.

d) Un remo de lonxitude suficiente e dispositivo de boga, ou un par de remos para embarcacións de eslora inferior a 8 metros.

e) Nas embarcacións pneumáticas ríxidas e semirríxidas, un inflador e un xogo de reparación de picadas.

f) Un equipamento de primeiros auxilios:

i. As embarcacións con tripulación contratada deberán contar co equipamento de primeiros auxilios prescrito no Real decreto 258/1999, do 12 de febreiro, polo que se establecen as condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar e a Orde PRE/930/2002, do 23 de abril (equipamentos de primeiros auxilios tipos A, B e C, segundo o afastamento da costa e tempo de navegación).

ii. As embarcacións sen tripulación contratada, autorizadas para a zona de navegación 5, deberán contar co equipamento de primeiros auxilios tipo número 4, segundo a Orde do 4 de decembro de 1980 sobre equipamento de primeiros auxilios a bordo dos buques e embarcacións mercantes nacionais.

iii. As embarcacións sen tripulación contratada, autorizadas para as zonas de navegación 3 e 4, deberán contar co equipamento de primeiros auxilios tipo balsa

de salvamento (segundo as disposicións citadas na alínea i).

iv. As embarcacións sen tripulación contratada, autorizadas para a zona de navegación 2, deberán contar co equipamento de primeiros auxilios tipo C (segundo as disposicións citadas na alínea i).

v. As embarcacións sen tripulación contratada, autorizadas para a zona de navegación 1, deberán contar como mínimo co equipamento de urxencias tipo C (segundo as disposicións citadas na alínea i), que será completada en función da duración da viaxe, dos lugares frecuentados e do número de persoas.

CAPÍTULO IV

Medios contra incendios e de achique

Artigo 14. *Extintores portátiles.*

1. As embarcacións de recreo, mesmo aquelas dotadas doutros sistemas de extinción, deberán levar extintores portátiles na cantidade e do tipo que se especifica máis adiante.

a) Os extintores deberanse instalar en puntos de fácil acceso e afastados no posible de calquera fonte posible de incendio.

b) Cando a embarcación leve instalación eléctrica de máis de 50 voltios, un dos extintores debe ser adecuado para lume de orixe eléctrica.

c) Os extintores serán de tipo homologado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante para embarcacións de recreo ou levarán a marca de leme que establece o Real decreto 809/1999, do 14 de maio, e estarán sometidos ás revisións correspondentes, debendo estar provistos dunha tarxeta informativa na que conste a data da última revisión e o nome da entidade que a realizou. O extintor conterá polo menos 2 quilogramos de produto extintor (po seco, ou cantidade equivalente doutro produto extintor).

2. Extintores afectos á embarcación e as súas instalacións:

Extintores esixidos en función da eslora

L	Número e tipo de extintores*
Se ten cabina cerrada e $L < 10$ m	1, tipo 21 B
$10 \leq L < 15$ m	1, tipo 21 B**
$15 \leq L < 20$ m	2, tipo 21 B**
$20 \leq L < 24$ m	3, tipo 21 B**

(*) Tipo de extintores: eficacia mínima.

(**) Para embarcacións da lista 6.^a e $L > 10$ m, un extintor máis dos indicados.

3. Extintores afectos á instalación propulsora.

a) As embarcacións dotadas dun ou máis motores deberán leva-los extintores afectos ó compartimento motor do que o número se indica na táboa, ou unha instalación fixa de extinción de incendios que cumpra co indicado no artigo seguinte.

b) Se a eslora é menor de 10 metros, estes extintores servirán para cumpri-lo esixido no punto 2.

c) Para as embarcacións con motores fóra borda de menos de 20 quilovatios adscritas ás categorías de navegación 6 e 7, non será obrigatoria a instalación de extintor.

d) As embarcacións provistas dunha instalación fixa de extinción de incendios deben ter un extintor portátil situado nas proximidades do compartimento do motor, suficiente para cubri-la cuarta parte da potencia sen que deba esixirse máis dun extintor.

Número de extintores esixidos en función da potencia instalada a bordo

Potencia máxima instalada	Número e tipo de extintores*
$P \leq 150$ kw	1 tipo 21 B.
$150 < P \leq 300$ kw	1 tipo 34 B (cun motor). 2 tipo 21 B (con 2 motores).
$300 < P \leq 450$ kw	1 tipo 55 B (cun motor). 2 tipo 34 B (con 2 motores).
450 kw $< P$	Con 1 motor: 1 tipo 55 B e ademais o número de extintores necesarios para cubri-la potencia do motor por encima dos 450 kw. Con 2 motores: 1 tipo 55 B por cada motor (que pode ser 34 B se a potencia de cada un dos motores é inferior a 300 kw) e ademais o número de extintores necesarios para cubri-la potencia total instalada.

(*) Tipo de extintores: eficacia mínima.

Artigo 15. *Medios fixos de extinción de incendios.*

1. Sen prexuízo do equipamento fixo de extinción de incendios, adecuado ó risco de incendio, que deba levar cada embarcación, as embarcacións con motores que utilicen combustible clasificado do grupo 1, de acordo co artigo 19, deberán estar provistas dunha instalación fixa de extinción no compartimento do motor, que evite abri-lo compartimento en caso de incendio.

2. A instalación anterior cumprirá cos seguintes requisitos:

a) Non son admisibles gases halóxenos como axentes extintores.

b) O disparo do dispositivo de extinción debe poder realizarse manualmente desde o exterior do compartimento.

c) Este sistema de extinción non se utilizará nunca nos lugares habitables.

d) Soamente se permitirá o disparo automático da instalación en pequenos compartimentos do motor non accesibles (que non teña cabida unha persoa).

Artigo 16. *Detección de incendios e de gases.*

1. Sen prexuízo do equipamento de detección de incendios ou de gases adecuado ó risco de incendio, que deba levar cada embarcación, as embarcacións que teñan instalacións de gas combustible, total ou parcialmente no interior do casco, deberán levar medios de detección de gases (detector de gas).

2. No caso de existir un sistema de detección de incendios ou de gases, este cumprirá os seguintes requisitos:

- A súa indicación será automática.
- Os indicadores centralizárase no posto de mando.
- A súa alimentación eléctrica será directa.
- Accionará tanto sinais luminosos como sonoros.

Artigo 17. Baldes contra incendios.

Tódalas embarcacións de recreo deberán ir provistas dos baldes que se indican no seguinte cadro:

Zona de navegación	Número de baldes contra incendios con rabiza
3, 4	1
1, 2	2
1 y 2 (L > 20 m)	3

1. Serán lixeiros e de fácil manexo e disporán dunha capacidade mínima de 7 litros. Acéptanse os fabricados de material plástico sempre que sexan de construción robusta e as súas asas non poidan desprenderse.

2. Poderanse usar tamén para achique ou para outros servizos, pero nunca para transvasar combustible ou outros líquidos inflamables.

Artigo 18. Extracción de gases.

Os motores interiores con arranque eléctrico que utilicen combustible clasificado do grupo 1.º segundo o artigo 19, deberán dispor dun ventilador eléctrico anti-deflagrante (segundo norma ISO 8846) que funcione por aspiración e descargue directamente ó exterior, e capaz de renovar por completo o aire do compartimento do motor e dos tanques de combustible en menos de catro minutos. O circuito eléctrico do ventilador será independente do circuito de arranque do motor, con obxecto de ventila-lo compartimento antes do arranque. Xunto ó dispositivo de arranque haberá unha placa visible en castelán que recorde a necesidade de ventila-lo compartimento do motor durante catro minutos antes de arranca-los motores.

Artigo 19. Clasificación de combustibles.

Para os efectos do previsto nesta orde, os combustibles utilizados a bordo das embarcacións de recreo clasifícanse en dous grupos:

- Grupo 1.º, combustibles líquidos cun punto de inflamación que sexa inferior a 55 °C (combustible hidrocarburoado que é líquido á presión atmosférica e se usa en motores de ignición por chispa).
- Grupo 2.º, combustibles líquidos cun punto de inflamación que sexa igual ou superior a 55 °C (combustible hidrocarburoado que é líquido á presión atmosférica e se usa en motores de ignición por compresión).

Artigo 20. Medios de achique.

1. Sen prexuízo dos medios de achique esixidos para as embarcacións coa marcaxe CE, as embarcacións de recreo deberán polo menos ir provistas dos medios de achique que se indican a seguir, de acordo coas zonas de navegación:

- Nas zonas 1, 2 e 3, unha bomba accionada polo motor principal ou outra fonte de enerxía, outra bomba de accionamento manual, e dous baldes.

- Nas zonas 4, 5 e 6, un balde e unha bomba.
- Na zona 7, unha bomba manual ou eléctrica. Para $L <= 6$ m con cámaras de flotabilidade, un achicador.
- En veleiros adscritos ás zonas 1, 2, 3, 4, 5 e 6, polo menos unha bomba será manual e fixa, operable desde a bañeira con tódolos zapóns e accesos ó interior cerrados.
- En embarcacións con compartimentos de sentina separados débense prover similares medios de bombeo.

2. A capacidade das bombas non debe ser menor de (a unha presión de 10 kPa):

- 10 litros/min para $L <= 6$ m.
- 15 litros/min para $L > 6$ m.
- 30 litros/min para $L >= 12$ m.

Para bombas manuais, a capacidade debe alcanzarse con 45 emboladas por minuto.

3. As bombas que se encontren en espazos cerrados que conteñan motores ou tanques de combustible do grupo 1, deberán ser antideflagrantes.

CAPÍTULO V

Prevención de verteduras

Artigo 21. Aplicación.

Ademais de polo sinalado no artigo 60 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, a prevención de verteduras de augas sucias e contaminantes rexeráse polo disposto neste capítulo.

Artigo 22. Verteduras de augas sucias e contaminantes.

As embarcacións estarán construídas ou dotadas de modo que se evite que se produzan verteduras accidentais de augas sucias e de contaminantes tales como aceite ou combustibles, na auga.

Artigo 23. Sistemas de retención de instalacións sanitarias.

1. Toda embarcación de recreo dotada de aseos deberá estar provista, sen prexuízo dos requisitos esixidos para as embarcacións coa marcaxe CE, de depósitos de retención ou instalacións que poidan conter depósitos, destinados a rete-las augas sucias xeradas durante a permanencia da embarcación en zonas para as cales existan limitacións da vertedura deste tipo de augas, e con capacidade suficiente para o número de persoas a bordo. Os aseos con sistema de tanque de almacenamento transportable son aceptables se os ditos tanques cumpren co disposto en ISO 8099.

2. Os depósitos fixos ou instalacións:

- Estarán conectados coas descargas dos aseos instalados na embarcación, con conexións o máis curtas e directas que sexa posible, e serán instalados en lugares accesibles. Nas embarcacións con máis dun aseo, xa matriculadas, que teñan dificultades, por motivos de espazo, para a conexión de tódolos aseos, polo menos un dos aseos estará conectado cos depósitos fixos ou instalacións.
- Disporán de medios de ventilación adecuados.
- Disporán de medios para indicar que o contido en augas sucias almacenado supere os 3/4 de capacidade do depósito ou instalación.
- A súa capacidade será suficiente para rete-las augas sucias xeradas polo máximo número de persoas

autorizadas para a embarcación, durante polo menos dous días a razón de 4 litros por persoa e día.

3. A embarcación que dispoña de depósitos instalados de forma permanente estará provista dunha conexión universal á terra que permita ensamblalo conducto das instalacións de recepción co conducto de descarga da embarcación.

4. Ademais, os conductos destinados á vertedura de residuos orgánicos humanos que atravesen o casco disporán de válvulas que poidan cerrarse hermeticamente para previla súa apertura inadvertida ou intencionada, tales como precintos ou dispositivos mecánicos.

5. O cumprimento da norma ISO 8099 dá presunción de conformidade cos requisitos esixidos ós sistemas de retención de instalacións sanitarias.

Artigo 24. Descarga de augas sucias.

1. Está prohibida toda descarga de augas sucias desde embarcacións de recreo nas seguintes augas nas que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdicción:

- a) zonas portuarias,
- b) augas protexidas e
- c) outras zonas como rías, baías e similares.

2. Autorízase a descarga de augas sucias por embarcacións de recreo noutras augas nas que España exerza soberanía, dereitos soberanos ou xurisdicción, sempre que se cumpra algunha das seguintes condicións:

a) que a embarcación efectúe a descarga a unha distancia superior a 4 millas mariñas da terra máis próxima se as augas sucias foron previamente esmiazadas e desinfectadas mediante un sistema que cumpra as condicións establecidas no punto 4, ou a distancia maior que 12 millas mariñas se non foron previamente esmiazadas nin desinfectadas. As augas sucias que estivesen almacenadas nos tanques de retención non se descargarán instantaneamente, senón a un réxime moderado, estando a embarcación en ruta navegando a velocidade non menor que 4 nós;

b) que a embarcación efectúe a descarga en augas distintas das sinaladas no punto 1 deste artigo, utilizando unha instalación a bordo para o tratamento das augas sucias que cumpra as prescricións do punto 5, e que, ademais, o efluente non produza sólidos flotantes visibles, nin ocasiona decoloración, nas augas circundantes;

c) cando as augas sucias estean mesturadas con residuos ou augas residuais para os que rexan prescricións de descarga diferentes, aplicaráselle-las prescricións de descarga máis rigorosas.

3. O punto anterior non será de aplicación:

i) á descarga das augas sucias dunha embarcación cando sexa necesaria para protexe-la seguridade da embarcación e das persoas que leve a bordo, ou para salvar vidas no mar.

ii) á descarga de augas sucias resultantes de avarías sufridas por unha embarcación, ou polos seus equipamentos, sempre que antes e despois de producirse a avaría se tomasen todo tipo de precaucións razoables para atallar ou reducir a un mínimo tal descarga.

4. As autoridades portuarias ou marítimas están autorizadas a precintar, mentres a embarcación permanece nas zonas portuarias ou protexidas, aquelas conduccións polas que se poida verte-las augas sucias directamente ó mar ou aquelas polas que se poida baleira-lo contido do depósito de retención de augas sucias ó mar.

Táboa resumo

ZONA	OPCIÓN DE DESCARGA
Augas portuarias. Zonas protexidas. Rías, baías, etc.	Non se permite ningunha descarga, nin sequera con tratamento.
Ata 4 millas.	Permítese con tratamento. Nin sólidos nin decoloración.
Desde 4 millas ata 12 millas.	Permítese esmiazada e desinfectada. Para descarga-lo tanque, a velocidade da embarcación debe ser superior a 4 nós.
Máis de 12 millas.	Permítese en calquera condición. Para descarga-lo tanque, a velocidade da embarcación debe ser superior a 4 nós.

5. Se a embarcación está equipada cunha instalación para esmiazar e desinfecta-las augas sucias, esta instalación, para que poida ser considerada válida en substitución do depósito do artigo 23 ou para que poidan efectuarse as descargas previstas no punto 2.a), debe ter sido aceptada pola Administración española en función dos procedementos establecidos en normas de ensaio recoñecidas internacionalmente.

6. Se a embarcación está equipada cunha instalación para o tratamento das augas sucias, esta instalación, para que poida ser considerada válida en substitución do depósito do artigo 23 ou para que poidan efectuarse as descargas previstas no punto 2.b), debe ter sido certificada ou homologada de acordo cos procedementos establecidos nalgún dos seguintes instrumentos normativos:

a) Certificada de acordo co procedemento establecido polo Real decreto 809/1999, do 14 de maio.

b) Homologada pola Administración española de acordo coas normas e métodos de ensaio aprobados pola organización marítima internacional, ou a normas internacionais recoñecidas.

c) Aceptada, se é o caso, pola Administración española despois de ter sido homologada ou certificada por outras administracións.

CAPÍTULO VI

Infraccións e sancións

Artigo 25. Infraccións e sancións.

O incumprimento das obrigas establecidas nesta orde será sancionado de acordo co disposto no capítulo IV do Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, e na Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

Disposición adicional única.

As remisións que realice esta orde á expresión «SOLAS», deberán entenderse referidas ó Convenio Internacional para a seguridade da vida humana no mar, 1974, na súa forma emendada.

Disposición transitoria única.

As embarcacións de recreo matriculadas deberán completar, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta orde, os elementos de seguridade que leven a bordo cos demais que resulten obrigatorios de acordo co establecido nela. Para os equipamentos relacionados no capítulo V, o prazo será de nove meses.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto a esta lei e, en concreto:

A Orde do 10 de xuño de 1983 sobre normas complementarias de aplicación ó Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar de 1974, e o seu protocolo de 1978 ós buques e embarcacións nacionais, modificada por Orde do 31 de xaneiro de 1986 e Orde do 29 de agosto de 1986, no que afecta as embarcacións comprendidas no ámbito de aplicación desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de abril de 2003.

ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

9582 *ORDE APA/1145/2003, do 30 de abril, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e o tránsito cara a países terceiros. («BOE» 113, do 12-5-2003.)*

O Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros incorporou ó ordenamento xurídico interno a Directiva 77/93/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1976, relativa ás medidas de protección contra a introducción na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, codificada pola Directiva 2000/29/CE do Consello do 8 de maio de 2000 con idéntico título que a anterior, e a Directiva 92/76/CEE da Comisión, do 6 de outubro de 1992, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios

específicos, substituída pola Directiva 2001/32/CE da Comisión, do 8 de maio de 2001, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios e se derroga a Directiva 92/76/CEE.

Non obstante, as ditas directivas sufriron diversas modificacións que foron incorporadas ó noso ordenamento xurídico mediante as correspondentes ordes ministeriais, a última das cales foi a Orde APA/227/2003, do 4 de febreiro, pola que se modifican algúns anexos do citado Real decreto 2071/1993, de conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2071/1993.

Neste sentido, mediante esta orde, incorpóranse ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2003/21/CE da Comisión, do 24 de marzo de 2003, pola que se modifica a Directiva 2001/32/CE en relación con determinadas zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos, e a Directiva 2003/22/CE, da Comisión do 24 de marzo de 2003, pola que se modifican determinados anexos da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introducción na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

Na elaboración desta disposición foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro.*

Os anexos I, II, III, IV e V do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedarán modificados de acordo co disposto no anexo desta orde.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó previsto nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de abril de 2003.

ARIAS CAÑETE

ANEXO

1. O texto da columna da dereita do punto 1 da letra b) da parte B do anexo I, substituirase polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), IRL, P (Azores), FIN, S (excepto zonas dos termos municipais de Bromölla, Hässleholm, Kristianstad e Östra Göinge no condado de Skåne), UK (Irlanda do Norte)».

2. O último parágrafo da parte B do anexo I substitúese polo seguinte texto:

«No epígrafe b)1, para Suecia, o período de recoñecemento de zona protexida finalizará o 31 de marzo de 2004».